

PLAN DE IGUALDADE 2019

CEIP Espedregada

Camiño da Serpe

INDICE

1. Introducción
2. Xustificación
3. Contextualización e características do noso centro.
4. Normativa Vixente
 - 4.1 Normativa estatal
 - 4.2 Normativa vixente
5. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
 - 5.1 Análise
 - 5.2 Coordinación cos distintos estamentos
 - 5.2.1 O EOE
 - 5.2.2 Equipos docentes
 - 5.2.3 Participación en grupos de traballo e redes colaborativas
6. Obxectivos coeducativos a desenvolver a través do Plan en relación
7. Contidos a desenvolver no curso.
8. Metodoloxía
9. Recursos humanos e materiais
10. Actividades no Centro
11. Avaliación

1. INTRODUCCIÓN

A Constitución Española proclama no seu artigo 14 o principio de igualdade ante a Lei e no artigo 9.2. establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social. A partir de aquí, articuláronse as primeiras políticas a favor das mulleres, na etapa de inicio da democracia, e se inspiraron na normativa que lle foron dando desenvolvemento e concreción.

Co Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-20, ofrecense pautas para a promoción da igualdade de xénero, a coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos, incorporando de forma integrada e transversal, a perspectiva de xénero, en todas as actuacións do centro. Establece medidas e actuacións concretas para continuar profundando, desde una perspectiva de xénero, nos Plans do centro, nos materiais e no currículo; na aprendizaxe, a formación e a implicación de toda a comunidade educativa; e na promoción de accións de prevención da violencia de xénero e na propia estrutura do sistema educativo. O noso Plan de Igualdade realizase seguindo as directrices deste Plan e atendendo a lexislación existente nesta temática.

2. XUSTIFICACIÓN

Na sociedade actual estanse a producir logros no referente á necesidade de avanzar a prol da igualdade entre homes e mulleres. No obstante, para facer efectivos estes avances non basta cunha política lexislativa, nin cunha sensibilización das forzas sociais ou dun sector da sociedade. É preciso tamén un cambio no marco educativo onde, descartando antigos modelos xa caducos, é posible contribuír á construción dunhas novas identidades que permitan aos nenos/as e xuventude unha fácil identificación con elas. Polo tanto, o principal obxectivo deste plan de coeducación, é cuestionar actitudes sexistas e fomentar espazos de convivencia en igualdade e equidade, que deben ir acompañados de actuacións preventivas e de aprendizaxe tendentes a unha convivencia en paz. Se queremos formar dunha maneira integral ao noso alumnado, preparándolles para unha vida futura respectuosa, sen discriminación por razón de xénero, a formación en igualdade é un tema de vital importancia no sistema educativo. Trátase de que a través da educación se poidan desenvolver todas as capacidades individuais con independencia do xénero. A escola debe transmitir valores, normas e actitudes que favorezan os comportamentos de respecto a si mesmo e aos demais; sen que teñan cabida as actitudes agresivas, estereotipadas nin violentas.

3. CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO

Centro: CEIP ESPEDREGADA

Enderezo: Camiño da Serpe 3 Raxó – Poio

IES adscrito: IES de Fontela Poio

Características:

Indicadores internos:

- Perfil do Claustro de profesoras e profesores :

10 mestras.

- Cargos de responsabilidade:

Directora

- Perfil do alumnado:

O número de alumnas é superior ao número de alumnos. Están repartidos nunha clase de Educación Infantil e 4 clases de Educación primaria.

- Persoal non docente:

- 2 limpadoras persoal do Concello a tempo parcial

- 1 auxiliar de conversa compartida co IES Johan Carballeira de Bueu

Indicadores externos:

As familias do centro son de clase media e nalgúns casos despois dunha análise previa das accións titoriais, concluímos que no entorno familiar existen comportamentos estereotipados e roles moi marcados, que traspasa á forma de actuar, influíndo no comportamento e comportase dos fillos e fillas no centro e na relación cara os compañeiros e compañeiras.

4. NORMATIVA VIXENTE

4.1 NORMATIVA ESTATAL

- ➔ Constitución española de 1978.
- ➔ Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ➔ Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

4. 2 NORMATIVA AUTONÓMICA

- x Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia.
- x Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido. das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- x Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- x Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- x Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- x Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- x Decreto 336/2009 do 9 de xuño polo que se establece o currículo de Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- x Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

PROTOCOLOS:

- x Procedemento corrector de condutas e protocolo de acoso
- x Protocolo de Identidade de Xénero
- x Protocolo de prevención detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

5. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGB

5.1 Análise

- Análise xeral do centro en materia de coeducación

- Análise sobre aspectos concretos (resultados académicos, usos de espazos e participación, liderado, relacións interpersoais, conflictividade e violencia, toma de decisións e autonomía persoal...)

MATRIZ PARA O ANALISE DA PRESENZA DA COEDUCACIÓN NO CENTRO			
Presenza de indicadores	Si	Non	En proceso
Datos estruturais			
Está o Plan de igualdade incluído no proxecto do centro			X
Está nomeada a persoa do Consello Escolar que impulse e leve a cabo o seguimento de medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres	X		
Linguaxe escrita			
Carteis do centro	X		
Comunicados	X		
Documentos do centro	X		
Materiais e recursos			
Biblioteca	X		
Taboleiro específico de coeducación		X	
Presenza na páxina web			X
Enlaces e recursos externos			
Sesións formativas / informativas para o Claustro	X		
Sesións formativas / informativas para a comunidade educativa	X		
Outras actuacións e medidas			
Uso igualitario de espazos, recursos e tempos	X		
Realización de actividades deportivas e complementarias con perspectiva de xénero	X		

5.2 COORDINACIÓN COS DISTINTOS ESTAMENTOS

5.2.1 CO Equipo de Orientación Específico atendendo a estes items:

- Plan de Acción Titorial con perspectiva de xénero
- Desenvolvemento persoal e social
- Auto-coñecemento e identidade
- Relacións interpersoais e interaccións

- Estima e autoestima
- Educación emocional
- Educación afectivo-sexual
- Tratamento e intervención en casos de acoso e violencia de xénero
- Mediación en resolución de conflitos
- Liderado
- Autonomía persoal

5.2.2 Equipos docentes

- Existen estruturas facilitadoras de elaboración de propostas e recursos
- Revisión dos libros de texto e materiais escolares
- Uso non sexista dos xoguetes e recantos.
- Existen materiais e recursos para o profesorado
- Na planificación e coordinación de actividades complementarias e extraescolares relacionadas coas conmemoracións anuais e celebracións: 25 N (contra a violencia de xénero), 8M (día da muller)
- Outras actividades: exposicións, murais, semanas culturais, concursos, campañas, obradoiros, etc

5.2.3. Participación en grupos de traballo e redes colaboradoras

- O centro participa en grupos de traballo, proxectos relacionados coa temática, e está impulsando accións específicas dentro das aulas como currículo paralelo...
- Colabora con asociacións e entidades externas.
- Se traballa con outros centros da zona.

6. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS A DESENVOLVER POLO PLAN

O Plan Estratéxico de Igualdade en Educación 2016/2020 propón 4 grandes PRINCIPIOS que sustentan os eidos de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición
- **Inclusión e integración da diversidade:** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual

Para o noso centro seleccionamos as seguintes medidas, actuacións e indicadores establecidos no I plan de igualdade, en relación cos 4 principios establecidos no mesmo.

MEDIDAS, ACTUACIÓNS INDICADORES

Obxectivo 1

MEDIDA	ACTUACIÓN	INDICADOR
Integrar de modo transversal a perspectiva de xénero no proxecto de centro e nos plans que o integran	Elaboración do plan de igualdade de xénero que recolle as actuacións do centro en materia de igualdade e que estará dentro do proxecto de centro. Nomeamento dunha persoa encargada de coordinar dito plan	Auto-avaliación , por parte do centro, do desenvolvemento dos obxectivos e da eficacia das actuacións contempladas no plan de igualdade.

Obxectivo 2

MEDIDA	ACTUACIÓN	INDICADOR
Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa , mediante o uso dunha linguaxe non sexista nas súas expresións visuais, orais, escritas e en ámbitos dixitais.	O Equipo Directivo establece as actuacións e directrices para asegurar o uso da linguaxe non sexista no centro.	Valoración do uso e presenza dunha linguaxe inclusivo tanto na linguaxe oral como escrita do centro.

Obxectivo 3

MEDIDA	ACTUACIÓN	INDICADOR
Promover actuacións encamiñadas á sensibilización , visualización e prevención da violencia de xénero.	Dentro da acción tutorial dos diferentes niveis educativos , contemplaranse actuacións específicas de educación en valores non sexistas, de construción de roles de xénero, educación afectivo-sexual tendo en conta as distintas orientacións sexuais recoñecidas, autonomía persoal, construción do auto-concepto e elaboración dun proxecto de vida sen condicionamentos de xénero, educación emocional, axeitada xestión dos conflitos e prevención da violencia de xénero.	Actuacións relativas a sensibilización, visualización e prevención da violencia de xénero desenvolvidas no ámbito da acción tutorial.

Obxectivo 4

MEDIDA	ACTUACIÓN	INDICADOR
Promover e fomentar a autoavaliación dos centros docentes.	Inclusión de indicadores de xénero para a avaliación e a elaboración dos informes anuais de autoavaliación .	Inclusión de indicadores de xénero nos informes anuais de autoavaliación en relación coa implantación e seguimento do I plan de igualdade de xénero.

7. CONTIDOS A DESENVOLVER DURANTE O CURSO

- Sensibilización á comunidade escolar acerca da importancia de traballar a igualdade no centro para acadar unha convivencia pacífica.
- Concienciación ao alumnado das vantaxes da igualdade para previr as desigualdades, comportamentos xenófobos e racistas e condutas violentas que se dan na nosa sociedade.
- Mantemento dun clima agradable para a convivencia, tomando como punto de partida a igualdade.
- Adquisición de habilidades para a resolución pacífica dos conflitos.
- Afrontar unha linguaxe coeducativa, eliminando termos sexistas no seu uso e empregando unha linguaxe neutra.
- Coñecemento da inxustiza que sufriron historicamente as mulleres.
- Identificación e denuncia de comportamentos de sexistas (patrulla morada)
- Solidarizarse con aqueles colectivos que sofren discriminación.
- Traballar a través das distintas actividades del currículo, a importancia da igualdade entre o home e a muller.
- Promover, dende as primeiras idades, a necesidade de compartir as actividades que realizamos no fogar entre todos e todas as persoas que conviven no mesmo.
- Potenciar no alumnado o concepto de coeducación e de igualdade mediante a transmisión de valores sociais como a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza, a cooperación,...
- Mellorar as relacións persoais entre iguais, diminuindo os conflitos e o sexismo nas situacións de xogo
- Potenciación da colaboración entre familia e escola para sensibilizar ao alumnado e a pais e nais da importancia da igualdade de xénero.

8.- METODOLOXÍA

A intervención no marco educativo estará marcada polos catro principios fundamentais de actuación recollidos no Plan de Igualdade:

Transversalidade:

O enfoque transversal supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións do centro. Porén, traballarase de forma coordinada entre as diferentes áreas e ámbitos escolares. En cada nivel se revisarán libros e materiais didácticos por se houbera que modificalos. Por último, será todo o Claustro o que aprobe e desenvolva cada unha das actuacións contempladas no Plan de Igualdade.

Inclusión e integración da diversidade:

As medidas e actuacións diríxense ao conxunto da comunidade educativa, é competencia do profesorado, alumnado e as súas familias participar e colaborar no desenvolvemento dos obxectivos expostos no Plan de Igualdade. Si á diferenza, pois a diversidade enriquece as relacións; pola contra a desigualdade e a discriminación, as empobrece e problematizan. Conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias, fan da inclusión un dos principios fundamentais do Plan.

Sociedade igualitaria (paridade):

A paridade constitúe un dereito e un principio fundamental, necesario para o logro de maiores cotas de xustiza e liberdade no exercicio dos dereitos equitativos. A paridade real esixe, por unha banda, a participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións públicas e políticas, e, por outra, no ámbito familiar e no privado, a corresponsabilidade dos homes e das mulleres nas tarefas de crianza e coidado concorde cun reparto e goce equitativos. A presenza paritaria das mulleres e homes en diferentes ámbitos e categorías profesionais ou en postos de liderado e de toma de decisións, debe responder a criterios de capacidade e formación equiparables e gozar de similar consideración, sen que exista unha segregación laboral, nin unha división sexual do traballo.

Violencia 0 nas aulas e na sociedade:

É imprescindible a sensibilización e concienciación da nosa comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

O Plan de Igualdade debe estar presente nos diferentes ámbitos da escola (familia, profesorado e alumnado) a través da linguaxe escrita e oral nos diferentes soportes de información usados. Trátase de por en valor e dar a coñecer o traballo das mulleres na historia e a influencia destas ou da súa ausencia nos modelos sociais. Hai que loitar contra a inxustiza, a desigualdade e os

privilexios nunha sociedade democrática axudando a visualizar que os nenos e as nenas aínda reciben unha socialización diferenciada en razón do seu sexo que lles impide o seu pleno desenvolvemento, limita as súas capacidades e repercute na xeración de pensamentos, actitudes e hábitos diferentes que van a condicionar o seu desenvolvemento persoal a nivel social, educativo e profesional.

Educación por e para a Igualdade non significa realizar dúas ou tres actividades no curso escolar para poder plasmarlo no Proxecto de Centro. Tampouco consideramos xustificada a nosa actuación con só celebrar os días chave relacionados coa coeducación, a igualdade ou a non violencia, senón que entendemos que a igualdade é un traballo de todos e todas e nos incumbe a todos e a todas. Así pois, o enfoque metodolóxico deste Plan de Igualdade debería ser en todo momento globalizador, traballando pola igualdade e o rexeitamento contra a discriminación por cuestión de sexo.

Traballaremos actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe que os nenos e nenas adquiran sexa significativo. Traballaremos partindo das propias experiencias do alumnado, do entorno máis inmediato que lles rodea, o fogar. Para elo imos a favorecer a comunicación familia-escola e realizaremos actividades que se sustenten na experiencia familiar, na convivencia que elo supoña; para así o poder trasladar á vida na sociedade. Os titores e titoras, ademais de coordinarse entre ambos para intercambiar impresións, suxestións e propostas, terán que impulsar e motivar aos alumnos e alumnas, a manter un clima de harmonía e boas relacións, orientar, instruír, facilitar a toma de decisións e establecer criterios definidos de comportamentos e pautas de traballo. Tampouco podemos esquecer que a coordinación coas familias é primordial para que estas participen na nosa tarefa educativa.

9. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Para acadar os obxectivos propostos usaranse todos os materiais dispoñibles no centro, así como aqueles que nos poidan ser cedidos dende outras institucións. Subliñar como recurso máis importante, o humano. Desde o profesorado, as familias e o alumnado, ata o persoal das entidades colaboradoras, como parte integrante e potenciadora deste Plan. En relación cos recursos materiais, contamos no centro cun amplo abano de recursos tecnolóxicos, posto que cada clase dispón dun encerado dixital e un ordenador para uso do alumnado e profesorado. Tentase traballar cunha metodoloxía lúdica e interactiva que fomente a motivación, o interese e a

participación do alumnado, usando para elo vídeos, obradoiros e xogos relacionados coas distintas efemérides. Farase uso tamén de elementos máis tradicionais tales como murais e debuxos, cómics elaborados polo propio alumnado. Tamén elaboraranse textos e manifestos que avoguen pola Igualdade entre sexos. Todos os traballos realizados polo alumnado difundiranse a través de distintos medios, dependendo da actividade realizada. Exporanse os traballos manuais nos corredores do centro e compartiranse na páxina web.

10.- ACTIVIDADES NO CENTRO.

Actuacións concretas para integrar a perspectiva de xénero no plan do centro acorde aos obxectivos establecidos.

No Proxecto Educativo (PE)

- Revisar e comprobar que os documentos do PE contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da Igualdade entre homes e mulleres.
- Detectar e corrixir calquera uso da linguaxe sexista en documentos do centro, así como nos carteis, recursos e materiais didácticos.
- Revisar o PE para eliminar calquera linguaxe sexista que poida existir e usar unha linguaxe inclusiva .
- Colaborar na elaboración do Plan de Acción Titorial para así introducir obxectivos que incidan na eliminación de estereotipos sexistas e que axuden a educar alumnos e alumnas autónomos e críticos.
- Potenciar nas programacións didácticas a Igualdade na aula.
- Visualizar as boas prácticas coeducativas.
- Incluír no PFCP algún curso relacionado coa Igualdade.
- Colaborar co Concello nas actividades relacionadas coa Igualdade.
- No Plan de Convivencia os alumnos/as traballarán no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e prevención de conflitos, xunto coa resolución pacífica dos mesmos.
- Dentro do Plan de Orientación e Acción Titorial formaremos aos alumnos/as no respecto dos dereitos fundamentais e na igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres e prestaremos especial atención a detección de micromachismos na vida cotiá: programas de TV (debuxos animados, anuncios comerciais, concursos, etc.), deseño de roupa...

Nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC)

- Potenciarase a participación equilibrada coa iniciativa de patios inclusivos, nos xogos dos nenos e nenas, fomentando os grupos mixtos e o desenvolvemento tanto dos xogos motrices e deportivos como doutros máis tranquilos, tradicionais...
- Vixiase que os espazos sexan ocupados de forma equitativa (tanto no patio como nas aulas), sen acaparamento por parte de ningún sexo.
No Proxecto de Dirección.
- Elaborar procedementos de actuación para dar resposta a situacións e necesidades relacionadas coa prevención, atención...
- Revisar os orzamentos coa finalidade de fomentar a coeducación, a igualdade e a prevención da violencia de xénero.
- Revisar as partidas destinadas aos plans e programas que se desenvolvan ou se podan desenvolver no centro, accedendo a convocatorias específicas..

As actividades propostas dentro das efemérides para realizar no centro son as seguintes;

25 de Novembro – día Internacional contra a Violencia de xénero

- ★ Colaborar coa Proposta do Concello departamento de igualdade (CIM)
- ★ Contos teatraalizados realizados por compañías sensibilizadas coa temática

Semana de nadal

- ★ En colaboración coa EGC realizamos obradoiros de sensibilización para as familias e alumnado en relación aos xoguetes e a publicidade, co obxectivo de romper estereotipos de xénero que posúen os mesmo.
- ★ Participación de axentes sociais diversos no PE
- ★ Relacionado co Proxecto de Biblioteca “Gloria Fuertes” conto das Tres reinas Magas.

11 de febreiro- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

8 de Marzo-día da muller traballadora

- ★ Traballarase coas familias, con profesionais que rompan con estereotipos tradicionais, por exemplo unha muller científica, condutora de autobús, soldadora...

11.- AVALIACIÓN

Para acadar os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Traballo, vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permita ver se os obxectivos expostos están sendo os axeitados e se as actividades son as correctas para lograr o fin pretendido e se non poder realizar as modificacións oportunas. Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua reflectirase nunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo elo, empelaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

- Revisión dos obxectivos e actividades expostos. (observación)
- Avaliación da realización das actividades propostas.
- Reunión de seguimento cos titores e titoras.
- Memoria do Plan.

Usaranse as CCP para facer avaliación de cada actividade realizada ou intervención. O traballo de seguimento e recollida de información será responsabilidade da dirección que en coordinación coa persoa responsable do Plan, elaborara as conclusións para ser recollidas na memoria final.

Unha vez realizada a avaliación e a memoria do presente Plan, incluíranse no Plan de Mellora (concreción que formará parte da PXA) para o próximo curso aquelas medidas que foran consideradas oportunas para a mellora do seu desenvolvemento e consecución de obxectivos.

Raxó, 29 de novembro de 2019

Aprobado polo claustro o día 3 de decembro de 2019